

## Museo do mar

---

**Actividade:** Visita ao museo do mar de Galicia, en Alcabre

**Destinatarios:** Alumnado de Educación Infantil e 1º e 2º de Educación Primaria, incluíndo ao alumnado de Aula Específica 2.

**Data:** Realizouse o 3 de abril de 2024, no terceiro trimestre

**Descrición da actividade:** durante a visita ao museo, fixéronse dúas actividades:

- Tesouros da ría: Viaxaron ao fondo da nosa ría para descubrir a rica diversidade mariña que temos. A través das cores e das texturas puideron coñecer a flora e a fauna que habitan na nosa contorna. Tamén tiveron tempo de visitar o acuario para observar os peixes que nadan nas augas que bañan as nosas praias.
- Son Peixes?: Mediante un xogo relacionado coa pesca coñeceron a problemática dos refugallos no mar e como cun pequeno cambio nos nosos hábitos podemos axudar á fauna mariña que coñecemos na actividade anterior visitando o acuario.

**FOTO/OS:**

